



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

ACTA DA SESION DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE NOVEMBRO DE 2018

| | |
|--|---|
| ASISTENTES: Presidente: D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ CONCELLEIROS/AS D. ANTONIO RODRIGUEZ ARNOSO D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ D ^a . M ^a IBERA TEIJEIRO SANJUAN D. MARCOS RODRIGUEZ CALVO D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTIN SECRETARIO: D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ | <p>No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as nove horas do día vinte e dous de novembro de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnense os Sres/as. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.</p> <p>Non asiste á sesión D^a. Laura Piñeiro Montes e disculpa a súa asistencia D. Santiago Meizoso Permy.</p> |
|--|---|

I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25 DE OUTUBRO DE 2018. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e cinco de outubro de dous mil dezaoto.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

II.- PLAN POS+2019 SOLICITUDE DE OBRAS. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta da Alcaldía de inclusión de obras e gasto corrente no Plan Provincial de Cooperación ás obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos POS+2019) no que se inclúen as seguintes obras:

- Achega provincial 2018

"Mellora de beirarrúas e iluminación pública en As Neves PK 9+610 – PK 9+850", cun orzamento que ascende á cantidade de 86.904,06 €, IVE incluído.

- Plan complementario

A) "Mellora da pavimentación na estrada da capela de Nosa Señora das Neves", cun orzamento que ascende á cantidade de 70.270,86 €, IVE incluído.

B) "Mellora de beirarrúas e iluminación pública en As Neves PK 9+850 – PK 10+110", cun orzamento que ascende á cantidade de 70.447,10 €, IVE incluído.


- Achega provincial 2019

Destinanse 135.406,84 € ó financiamento de gastos correntes do Concello. Sinala o Sr. Alcalde-Presidente que este ano destínanse máis fondos a gasto corrente pola implantación dos novos programas informáticos da e-administración.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo para poñer de manifestó que o seu grupo non está moi de acordo coa inclusión das beirarrúas de As Neves, xa que non están tan deterioradas como para proceder á súa renovación, ademais hai outras prioridades en beirarrúas como é o caso da Buiña, Os Calzados e Gunxel, non se considera ésta obra que sexa urxente e necesaria.

Dí o voceiro do Grupo Municipal de AIAC que o mesmo ocorre coas obras a incluír no Plan Complementario e remata a súa intervención manifestando que solo se está a invertir nas Neves e que habería que repartir entre todo o Concello.

Polo Sr. Alcalde-Presidente díse que se lle está dando unha mellora a entrada do pobo e ademais as beirarrúas de As Neves en moitos tramos están en mal estado e son as primeiras que se fixeron e polo tanto necesitan renovarse, ademais está o tema do aforro enerxético que se cumpre coa instalación de puntos de luz de tipo LED.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

Remata a súa intervención decindo que o propio voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo solicitou en algunha ocasión un lavado de cara a entrada do pobo.

Pechase o debate deste asunto coa intervención do voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo sinalando que efectivamente que no seu día falouse dun lavado de cara de beirarrúas pero máis que nada referido a rotura das barreiras arquitectónicas para que as beirarrúas poideran ser usadas por todos os veciños/as, pero non da renovación total das beirarrúas.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (5 votos a favor dos Sres/Sra. Concelleiros/a. do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC) adopta o seguinte acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

A) Financiamento do pago a provedores:


| | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|---|-------------|-------------|-----------|
| Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 0€ | 0€ | 0€ |
| Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 0€ | 0€ | 0€ |
| Subtotal pago a provedores | 0€ | 0€ | 0€ |

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|--|---------------------|
| Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 135.406,84 € |
| Subtotal gasto corrente | 135.406,84 € |

C) Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2019 | Financiamento do investimento | | |
|---|-------------------------------|----------|-----------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Denominación da obra ou subministración | | | |
| | 0€ | 0€ | 0€ |
| | | | |
| | | | |
| | | | |



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

| | | | |
|---|----|----|----|
| Subtotal investimentos achega provincial 2019 | 0€ | 0€ | 0€ |
|---|----|----|----|


| ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles) | Financiamento do investimento | | |
|---|-------------------------------|-----------|--------------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Denominación da obra ou subministración | | | |
| "Mellora de beirarrúas e iluminación pública en As Neves PK 9+610-PK 9+850" | 86.904,06 € | 0€ | 86.904,06 € |
| | | | |
| | | | |
| Subtotal investimentos achega provincial 2018 | 86.904,06 € | 0€ | 86.904,06 € |

| PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019 | Financiamento do investimento | | |
|--|-------------------------------|-----------------|-----------------|
| | Préstamo Deputación | Achega Concello | Orzamento total |
| Denominación da obra ou subministración | | | |
| | 0€ | 0€ | 0€ |
| | | | |
| | | | |
| Subtotal investimentos préstamo provincial 2019 | 0€ | 0€ | 0€ |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

| Entidade financeira | Número/código do préstamo | Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda |
|--|---------------------------|---|
| | | 0€ |
| | | |
| | | |
| | | |
| Subtotal redución de débeda con entidades financeiras | | 0€ |



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
 Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es


Web: www.concellodacapela.es

E) Resumo:

| SUBTOTALS | | Deputación | Concello | Total |
|----------------------|---------------|-------------|----------|-------------|
| A- PAGO A PROVEDORES | Achega 2018 | 0€ | | 0€ |
| | Achega 2019 | 0€ | | 0€ |
| B- GASTOS CORRENTES | Achega 2019 | 135.406,84€ | | 135.406,84€ |
| C- INVESTIMENTOS | Achega 2019 | 0€ | 0€ | 0€ |
| | Achega 2018 | 86.904,06€ | 0€ | 86.904,06€ |
| | Préstamo 2019 | 0€ | 0€ | 0€ |
| D- REDUCCIÓN DÉBEDA | Préstamo 2019 | 0€ | | 0€ |
| TOTAL | Achega 2019 | 135.406,84€ | 0€ | 135.406,84€ |
| | Achega 2018 | 86.904,06€ | 0€ | 86.904,06€ |
| | Préstamo 2019 | 0€ | 0€ | 0€ |
| | TOTAL | 222.310,90€ | 0€ | 222.310,90€ |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado) | Orzamento |
|---|-------------|
| "Mellora da pavimentación na estrada da Capela de Nosa Señora das Neves" | 70.270,86 € |
| "Mellora de beirarrúas e iluminación pública en As Neves PK 9+850 PK 10+110" | 70.447,10 € |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

| | |
|--------|--------------|
| TOTAIS | 140.717,96 € |
|--------|--------------|

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.


7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

III.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do proxecto de orzamentos correspondente ó exercicio 2019 que foi exposto polo miúdo na reunión do Consello de Participación Veciñal realizada o día 17 de novembro de 2018. O orzamento ascende tanto en ingresos como en gastos á cantidade de 1.200.000,00 € e cumpre coa estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

Trátase dun orzamento realista que atende os gastos reais e de financiamento do Concello para o exercicio 2019.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo para poñer de manifestó que todos os anos os orzamentos son o mesmo e casi non varía nada podendo falarse dunha prórroga do orzamento do 2018; vótase en falla unha planificación para mellorar A Capela e de como se queren facer as cousas.

Polo Sr. Alcalde-Presidente díse que os gastos son realistas e atenden as necesidades xerais do Concello que suponen entre un 80% e un 85% do orzamento, sendo gastos ademáis de obrigado cumprimento.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (5 votos a favor dos Sres/Sra. Concelleiros/a. do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC) adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o teito de gasto para o exercicio 2019, que ascende á cantidade de 1.205.023,62 €.


2º. Aprobar o orzamento para o exercicio 2019 que comprende os seguintes:

ESTADO DE GASTOS

| CAPITULOS | DENOMINACION | IMPORTE |
|-----------|--------------------------------------|---------------------|
| | 1 OPERACIONES NON FINANCIERAS | |
| | 1 OPERACIONES CORRENES | |
| 1 | Gastos de persoal | 374.059,72 |
| 2 | Gastos correntes en bens e servizos | 664.106,22 |
| 4 | Transferencias correntes | 27.300,00 |
| | 2 OPERACIONES DE CAPITAL | |
| 6 | Inversións reais | 134.534,06 |
| | TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS | 1.200.000,00 |

ESTADO DE INGRESOS

| CAPITULOS | DENOMINACION | IMPORTE |
|-----------|--------------------------------------|------------|
| | 1.OPERACIONES NON FINANCIERAS | |
| | 1 OPERACIONES CORRENES | |
| 1 | Impostos directos | 268.750,00 |
| 2 | Impostos indirectos | 5.000,00 |
| 3 | Tasas, Prec. Públicos y ot | 163.716,07 |



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

| | | |
|---|-------------------------------------|---------------------|
| 4 | Transferencias correntes | 660.733,84 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 20,00 |
| | 2 OPERACIONS DE CAPITAL | |
| 7 | Inversións reais | 101.780,09 |
| | 2.OPERACIONS FINANCIEIRAS | |
| 8 | Activos financeiros | |
| | TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS | 1.200.000,00 |

3º. Aprobar a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo, así como as bases de execución para o mencionado exercicio.

4º. Expor ao público no BOP, por un prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións, de conformidade co preceptuado no artigo 169.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo que aproba o TRLFL.


5º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación por capítulos no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, xuntamente coa plantilla de persoal e relación de postos de traballo, de acordo co disposto no artigo 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril e artigo 169.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo que aproba o TRLFL.

6º. Que de conformidade co disposto no artigo 169.4 do mencionado RDL deberá remitirse copia do orzamento aos organismos competentes da administración do estado e autonómica.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as nove horas e doce minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O Secretario,



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

